

Decreto

ASUNTO: APROBACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO DA CATEGORÍA DE MESTRE ELECTRICISTA.

Ilma. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcadesa de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día quince de xullo de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o seguinte acordo: 15/306 CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CREACIÓN DE BOLSAS DE TRABALLO (APARTADO 2.1.b, DAS BASES XERAIS QUE REGULAN A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS BOLSAS DE TRABALLO NAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS) NA CATEGORÍA PROFESIONAL de MESTRE ELECTRICISTA publicada no BOP de Lugo nº 181 de 8 de agosto de 2020.

Visto que la Comisión de Selección tras a resolución das alegacións presentadas fronte ao anuncio da listaxe provisional de MESTRE ELECTRICISTA, acorda facer pública a listaxe definitiva de MESTRE ELECTRICISTA, publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Lugo o 27/10/2022, tras a resolución das alegacións presentadas en prazo.

Vista a Base 4 das Bases Xerais que regulan a creación e funcionamento das bolsas de traballo nas categorías profesionais aprobadas por acordo 18/594 da Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 25 de setembro de 2019: A orde de prelación dos/as aspirantes nas bolsas de traballo será a seguinte: 2º.- Na bolsa referida na base 2.1.b) resultante de convocatorias específicas para a constitución de bolsas de traballo, terase en conta a maior puntuación total. En caso de empate, a maior nota seguindo as epígrafes do baremo de méritos e de persistir empate, procederá ao sorteo público.

Esta Concellería, en base á delegación de atribucións por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019 RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a Bolsa de Traballo da categoría de MESTRE ELECTRICISTA comprensiva das persoas incluídas nela da puntuación obtida e da orde de chamamento, de conformidade coa proposta efectuada pola Comisión de Selección e segundo a orde de prelación prevista na Base 4 das Bases Xerais e o correspondente sorteo público, dende a que se irá chamando os candidatos/as pola orde de puntuación obtida por cada un deles/as, cando sexa necesario proceder á cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10.1 b) e d) do real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público e nas Bases Xerais que regulan a creación e

Persoal

JCS

Refª: 22Aprobación Bolsa de Trabajo MESTRE ELECTRICISTA

Asunto: Bolsa de trabajo de MESTRE ELECTRICISTA

funcionamento das bolsas de traballo nas categorías profesionais aprobadas por acordo 18/594 da Xunta de Goberno Local:

N.º ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	TOTAL PUNTUACIÓN
1	VIDAL PROUPIN, JAVIER	***4462**	3,5
2	ARES RODRIGUEZ, OSCAR	***3366**	3,45
3	LOPEZ LOPEZ, JOSE ANTONIO	***2779**	3,4
4	COSTEIRA FERNANDEZ, RAUL JOSE	***7883**	2,6
5	BECERRA PARDO, PAULINO	***0831**	2,522
6	YAÑEZ VILLARES, JOAQUIN JOSE	***3998**	2,4
7	VILA GONZALEZ, RAMON	***3407**	2,4
8	VARELA PICHIN, MANUEL	***3793**	2,3
9	NUÑEZ NUÑEZ, FELIX	***4886**	2,05
10	FERNANDEZ MENDEZ, JOSE	***5039**	2
11	FERNANDEZ FERNANDEZ, RUBEN	***3790**	1,896
12	VAZQUEZ CASANOVA, OSCAR	***3251**	1,85
13	VILA DIAZ, DAVID	***3753**	1,38
14	LAMELO FERNANDEZ, IAGO	***3754**	1,325
15	DIAZ GONZALEZ, BORJA	***9134**	1,228
16	BARROS CHENTE, ROBERTO	***1547**	1,15
17	CRUZADO VARELA, RUBEN	***3763**	1,15
18	MURRAY KRISTOFER HUGH	***8474**	0,668
19	AVILA DORADO, MARCOS	***5076**	0,6
20	VILANOVA MORANDEIRA, JAVIER	***3685**	0,4
21	NUÑEZ ROUCO, ALEJANDRO	***2746**	0,4
22	GOMEZ GARCIA, RUBEN	***3862**	0,3
23	LOPEZ CABANAS, MICAEL	***5040**	0,2
24	BERMUDEZ ABAD, JAVIER	***3070**	0
25	PEREZ LOPEZ, DANIEL	***8078**	0

Segundo.- Que se proceda á súa publicación na páxina web e taboleiro de anuncios, coa indicación de que a presente resolución pon fin á vía administrativa e que contra a mesma, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo, poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ante o Xulgado deste orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación. Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte á súa publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñelo recurso contencioso administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que

non se resolvable expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.